



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

**DATA: 31 DE XULLO DE 2008**

**HORA: 20.30**

**CARÁCTER: ORDINARIO**

No Salón de Sesiões do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día 31 de xullo de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión Ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D<sup>a</sup>. Ana A. Incera Ares.
- D<sup>a</sup>. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- D<sup>a</sup>. María Lidia Rodríguez Moreda
- D. José Luís Sánchez García
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- D<sup>a</sup>. María Xosefa Alonso Otero

Asiste tamén o Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz, e o Interventor Municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

- Non asiste a señora Concelleira D<sup>a</sup>. María Luisa Prieto Fanego.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

#### **1) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30/06/08 (ORDINARIA).-**

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Na acta da última sesión formulamos un rogo en relación con e funcionamento de radares no termo municipal. Queremos que se nos clarifique se na devandita data, 30 de xuño, estaba ou non en funcionamento un radar en Foz.

O SEÑOR ALCALDE: Nesa data estaba a funcionar un radar que tiñamos en colaboración con ala Xefatura de Tráfico. Agora xa temos un en propiedade co Concello de Viveiro e que xa está a funcionar.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A acta é aprobada por unanimidade.

### 2) DECRETOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación dáse por enterada.

### 3) DACIÓN DE CONTA DA RENUNCIA DA SEÑORA CONCELLEIRA DONA MARÍA LUISA PRIETO FANEGO O SEU CARGO.-

O Pleno Municipal acorda tomar coñecemento do escrito de renuncia e acorda a súa remisión á Xunta Electoral Central para que proceda ao nomeamento dun novo concelleiro.

### 4) DACIÓN DE CONTA DO SOMETEMENTO A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO "RECUPERACIÓN DEL PUENTE DE HIERRO EN EL RÍO OURO; T.M. DE FOZ (LUGO)", INSTRUIDO POLO SERVICIO DE COSTAS EN LUGO DEPENDENTE DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO.-

A Corporación dáse por enterada.

### 5) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONVOCADA O ABEIRO DA ORDE DE 11 DE XUÑO DE 2008 POLA QUE SE CONVOCA E REGULA O RÉXIME DE CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUN NÚCLEO DE SOSTIBILIDADE NOS SEUS TERRITORIOS.-

A CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO, SRA. INCERA ARES: O problema que se puxera de manifesto en Informativa era o relativo ao presuposto da subvención. A achega municipal sería de en torno aos 20.000 euros tomando consideración que a achega de se fixaría en máis de 200.000. En distintos acordos plenarios solicitouse ao equipo de goberno a realización dunha auditoría enerxética. Só esa actuación costa da orde de 30.000. Coa subvención vanse poder realizar moitas actuacións moi interesantes para o Concello.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Nós estamos de acordo.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Non imos estar en desacordo. No acordo fálase duns compromisos aos que o BNG nunca renunciou como son a participación, o aforro de auga... Felicitámonos que agora o goberno municipal se apunte a iso.

Sometido a votación o ditame é aprobado por unanimidade.

### 6) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ANO 2007.-



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa unha vez sometida ao preceptivo trámite de audiencia no que non se presentaron alegacións ao citado documento como consta no expediente tramitado:

Pola Intervención Xeral remítese, para a súa tramitación oportuna, a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2007.

A Conta Xeral regúlase nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro de 2004.

Segundo determina o artigo 209 da devandita Lei, "A Conta Xeral estará integrada por:

- a) A da propia entidade.
- b) A dos seus organismos autónomos.
- c) A das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade destas.

De conformidade co establecido no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a rendición da Conta Xeral, formada pola Intervención, corresponde ao Presidente da Entidade Local.

Polo demais, no que se refire á súa tramitación, dispón o propio art. 212 citado, que dita Conta Xeral, será sometida a informe da Comisión especial de Contas para posteriormente quedar exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito mais, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións.

De producirse estes últimos someteranse a exame e comprobación da Comisión especial de Contas que emitirá novo informe.

Acompañada dos citados informes da Comisión especial de contas e das reclamacións, reparos e observacións formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación antes do 1 de outubro.

Por último o Concello renderá ao Tribunal de Contas ou órgano de control externo que corresponda, neste caso o Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral debidamente aprobada.

Por todo o anterior, pode someterse a ditame da Comisión Especial de Contas a Conta Xeral do Concello de Foz correspondente ao exercicio económico 2007 nos termos que constan no expediente e integrada por:

- Balance
- Conta do resultado económico-patrimonial
- Estado de Liquidación do Orzamento
- Memoria



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

As contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos levan unida ademais a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas ao fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nestas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos ao fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

Lémbrese á Corporación que a Regra 102 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, do 23 de novembro de 2004, no seu apartado cuarto sinala o seguinte:

*“A Aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que **non require conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas**”.*

Por tanto, por esta Alcaldía unha vez tramitado o expediente de conformidade co previsto na normativa reguladora, PROPOÑE:

**Primeiro.-** A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondinte ao exercicio 2007

**Segundo.-** A remisión da mesma ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas para que se proceda a súa fiscalización externa.

O SEÑOR ALCALDE: Sempre cumprimos coa obriga de render contas. Levamos facéndoo dende o ano 1996. Non somos como outros Concellos, nunca recibimos requirimentos sobre esta materia.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Teña claro que os gobernos anteriores tamén o facían. O noso grupo vaise abster.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Non parece serio que o señor Alcalde presuma de cumprir a legalidade.

Sometido a votación o ditame é **aprobado con nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e tres votos abstencións (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda e D. José Luís Sánchez García).**

### **7) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a implantación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de depuración de augas residuais marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

O motivo do establecemento desta nova figura tributaria radica na asunción obrigada por parte do Concello de Foz do mantemento e xestión das EDAR radicadas no termo municipal, servizo que ata o exercicio precedente era asumido pola Xunta de Galicia, e que, como sucede co resto dos relacionados co ciclo da auga debe ser repercutido o seu custo aos usuarios para que así podan contribuír ao seu sostemento.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**Primeiro.** - Aprobar con carácter provisional a imposición da taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, así como a Ordenanza Fiscal reguladora da mesma, quedando redactada do seguinte xeito:

### **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

#### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

Este Concello conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4,r) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por prestación do servizo de Depuración de Augas Residuais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do Real Decreto citado.

#### **Artigo 2º.- Feito Impoñible.-**

Constitúe o feito imponible deste tributo, a prestación polo Concello de Foz dos servizos de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais canalizadas a través da rede de sumidoiros municipal

#### **Artigo 3º.- Devengo**

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento que se inicie a prestación do servizo suxeito a gravame, entendéndose iniciado:

- Dende a data de presentación da solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- Cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal obxecto da presente regulación.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O servizo de depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais ten carácter obrigatorio para todos os lugares do Municipio en que exista rede de sumidoiros, devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

### **Artigo 4º.-Suxeitos pasivos**

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas polos servizos de tratamento e depuración de augas residuais de conformidade co disposto no artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **Artigo 5º.- Responsables.**

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

### **Artigo 6º.- Cota tributaria.-**

A cota tributaria a esixir pola prestación do servizo calcularase en función da cantidade de auga utilizada, conforme ás tarifas seguintes.

	Euros/bimestre
1. Consumo doméstico e comercial. Mínimo bimestral 30 m3 .....	6,00
Cada m3 de exceso ata 120 .....	0,10
2. Consumo industrial. Mínimo bimestral 30 m3.....	10,00
Cada m3 de exceso ata 120 .....	0,40

### **Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.-**

Non se poderán recoñecer outras exencións na presente taxa que as expresamente previstas en normas con rango de lei e as derivadas dos tratados internacionais.

### **Artigo 8.- Normas de xestión**

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta Taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

As altas e baixas que se produzan no servizo de augas, producirán efectos automáticos respecto da taxa de depuración, no caso con contar con rede de sumidoiros a zona concreta onde se produzan.

Cando a cobranza se realice conxuntamente co servizo de augas, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido pola empresa concesionaria do servizo, sen prexuízo das obrigas de publicación legais que se fagan a través dos correspondentes diarios oficiais.

### **Artigo 9.- Infraccións e sancións.-**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Segundo.-** Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos da nova Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

De conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, se non se producen reclamacións contra este acordo, automaticamente considerarase definitivo e procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto co texto da ordenanza, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Os tres grupos municipais tivemos reunións para sacar adiante esta ordenanza. Con ela vaise recadar unha cantidade importante para o Concello que vai responder ao principio de quen contamina paga. É unha taxa necesaria e ademais unha obriga legal.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: No fondo estamos de acordo, é un servizo que ten un custo que se ten que sufragar. Nas reunións que tivemos practicamente chegaronse a acordos sobre materias que non se trouxeron aínda ao



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Pleno Municipal. O que se trae a debate é algo sobre o cal os grupos municipais non están de acordo. Necesitamos un informe externo axeitado sobre o custo. Ademais bótase en falta un protocolo de mantemento realizado por Gestagua no que se asuman compromisos pola empresa. Tampouco estamos de acordo nunha configuración de tarifas que están a meter pola porta de atrás porque teñen maioría e que, ademais, non cobren o cen por cento do custo. Estamos dispostos a negociar o asunto.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Estamos de acordo en que hai que pagar unha taxa pero debemos coñecer o custo real da depuración xa adxudicada antes de poñelos aos veciños unha taxa por unhas depuradoras que funcionan mal. Ata que non teñamos ese informe imos votar en contra.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Os grupos da posición están equivocados. Unha cousa é o custo da depuración que xa está adxudicado. O tema é a taxa. Se facemos caso ao BNG non se poderá impoñer taxa ningunha, iría todo a escape libre. Se buscamos que a taxa cubra o cen por cento vaille custar moito máis aos veciños. É unha taxa que se vai ter que aprobar para que cada un pague polo seu consumo, actualmente o custo estano a sufragar linealmente todos os veciños cos seus impostos.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: O noso grupo non está de acordo en como se fixo a adxudicación a Gestagua pero é certo que o custo está aí. O que queremos é déasenos un protocolo de mantemento e sobre el poderemos decidir sobre a taxa.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: A esta empresa o contrato renovóuselle o contrato pouco antes dunhas eleccións. Renovouse en abril cando o contrato remataba en decembro. Non se sacou a oferta pública para valorar ofertas. É certo que a taxa debe cubrir o servizo pero para iso debemos saber canto custa. A día de hoxe o único que temos son os datos da empresa.

O SEÑOR ALCALDE: Vostedes, como sempre, non queren nada. Foz presta bos servizos. A ver quen cambia unha empresa da auga que está a funcionar ben. Temos ofertas que nos din que nos ían cobrar máis.

Sometido a votación o ditame **obtéñ seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e) e seis votos en contra. (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero). Producíndose empate sométese de novo o ditame a votación na que se obtén o mesmo resultado. A continuación o Alcalde-Presidente co seu voto de calidade decide a aprobación do ditame.**





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 8) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.-

Sométese a consideración a seguinte proposta enmendada de verbo pola Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de piscina municipal e instalacións deportivas para o exercicio 2009, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

Utilizarase como técnica de actualización a revisión das tarifas ou cotas segundo a variación do índice de prezos ao consumo (IPC) interanual de agosto 2007 a abril de 2008, para establecer un criterio a futuro dado que en setembro e cando comeza a nova tempada de aboados. Ademais propónse unha suba adicional dun 2,53% nas tarifas para conseguir que os aboados da piscina podan acceder gratuitamente ás actividades de fitness.

Asemade, visto o informe conxunto da intervención e da secretaría municipal de data 18 de xullo de 08, e aceptando parcialmente a solicitude realizada polo concesionario propónse a modificación da configuración das actividades dirixidas ao público en orde a recollerlas dentro de categorías xenéricas que permitan a súa áxil adaptación a demandas reais e ó contínuo cambio existente no mercado. Ademais recollense a gratuidade de certas actividades para os socios da instalación en orde ao fomento do uso das instalacións deportivas municipais xustificándose a modificación como un servizo á interese xeral.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**Primeiro.** - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

##### Artigo 6º.- Tarifas.-

Á contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

##### CADRO DE TARIFAS

<b>PISCINA MUNICIPAL DE FOZ</b>	<b>TARIFAS</b>
<b>ABONOS PISCINA MUNICIPAL</b>	<b>SOCIOS</b>
FAMILIAR TITULAR	22,40 €
FAMILIAR CÓNXUXE	3,75 €
FILLO (-18 ANOS)	3,75 €



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ABONO XOVE	18,15 €		
ABONO INDIVIDUAL	22,95 €		
ABONO 3º IDADE E DIMINUÍDOS	16,70 €		
ABONO MATINAL	17,65 €		
MINUSVÁLIDOS	50% DESCONTO		
<b>ENTRADAS</b>			
ENTRADA LIBRE (+18,-60)	3,85 €		
ENTRADA REDUCIDA (-18,+60)	2,55 €		
<b>MATRICULAS</b>			
MATRICULA ABONADO	23,45 €		
MANTEMENTO MATRICULA	10,65 €		
MATRICULA CURSO ABONADO	10,65 €		
MATRICULA CURSO EVENTUAL			21,35 €
<b>CURSOS PISCINA</b>			
	<b>DÍAS</b>	<b>SOCIOS</b>	<b>EVENTUAIS</b>
NATACIÓN BEBES	1	9,60 €	19,20 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	1	4,80 €	9,60 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	2	9,60 €	19,20 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	3	14,40 €	28,80 €
ESCOLA DE COMPETICIÓN	3	13,85 €	27,75 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	2	9,60 €	19,20 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	3	14,40 €	28,80 €
NAT. TERCEIRA IDADE	2	5,20 €	14,60 €
NAT. TERCEIRA IDADE	3	10,70 €	21,35 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	2	9,60 €	19,20 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	3	14,40 €	28,80 €
AQUAGYM	2	10,70 €	21,35 €
MATRONATACIÓN	2	GRATIS	GRATIS
DIMINUÍDOS	2	8,35 €	23,45 €
VERÁN ADULTOS (QUENDA)	10	13,35 €	26,65 €
VERÁN INFANTIL (QUENDA)	10	10,70 €	21,35 €
ALUGUER DE RÚA/HORA		16,00 €	21,35 €
<b>CURSOS SALA USOS MÚLTIPLES</b>			
	<b>DÍAS</b>	<b>SOCIOS</b>	<b>EVENTUAIS</b>
STRECHING	2	13,85 €	18,15 €
XIMNASIA 3ª IDADE	3	12,85 €	17,05 €
XIMNASIA MANTEMENTO	2	13,85 €	18,15 €
XIMNASIA MANTEMENTO	3	17,05 €	21,35 €
AERÓBIC	2	13,85 €	18,15 €
AERÓBIC	3	17,05 €	21,35 €
STRECHING	3	17,05 €	21,35 €
BODYCOMBAT	3	17,05 €	18,15 €
TONIFICACIÓN	2	13,85 €	21,35 €
STEP	2	13,85 €	18,15 €
TAEKWONDO	3	17,05 €	21,35 €
TAEKWONDO	5	21,35 €	28,60 €
KICK-BOXING	2	13,85 €	18,15 €



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC

**Segundo.-** Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

**Terceiro.-** Formalizar a presente modificación nos termos recollidos no art.54 TRLCAP

De conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, se non se producen reclamacións contra este acordo, automaticamente considerárase definitivo e procederáse á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto co texto da modificación, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Existe unha proposta dos xestores que xa se discutiu, a proposta de a e o ditame da comisión non asume a devandita proposta. Por iso pedimos quede o asunto enriba da mesa

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Todos os grupos estabamos de acordo na suba do IPC. En canto ás demais actividades debe xustificarse o seu custo.

**Sométese en primerio lugar a proposta do señor voceiro do grupo municipal popular de deixar o asunto sobre a mesa obtendo dita proposta tres votos a favor,(D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García ), seis votos en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez,Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi)e tres abstencións(D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero )**

Sométese a votación a continuación o ditame **obtendo nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez,Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e tres votos en contra. (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García).**

### **9) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVA Á ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito remitido polo sr. Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística en data 30 de maio de 2008 relativo a posibilidade de incorporación do Concello de



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Foz ao citado ente.

Analizados os informes da secretaría e da intervención municipal

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propoño ao Pleno Municipal:**

**PRIMEIRO.** –A aprobación da incorporación do Concello de Foz á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística nos termos e condicións do convenio anexo a presente proposta e que foi remitido polo sr. Director da Axencia

**SEGUNDO.** – Autorizar á sr Alcalde-Presidente do Concello a proceder á sinatura do Convenio e a cantos documentos sexan necesarios para a incorporación do Concello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

**TERCEIRO.-** Publicar o presente acordo no BOP aos efectos do seu público coñecemento

**CUARTO.-** Dar conta do mesmo á Xunta de Galicia

A CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR RODRÍGUEZ MOREDA: Se se adopta este acordo vanse delegar competencias de ra administración e isto non é bo para Foz. Ademais, como se pon de manifesto dende a intervención municipal, non se dota dun sistema de financiamento axeitado.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: O BNG está a favor de que se cumpra a legalidade urbanística. Se o Concello non ten medios para facer que se cumpra, cousa que poñemos en dúbida, non nos parece mal que se participe en la Axencia.

Sometido a votación o ditame **obtéñ tres votos a favor (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero), tres votos en contra. (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda e D. José Luís Sánchez García) e seis abstencións (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) quedando rexeitado o ditame por non obter o maioría absoluta dos votos requerida.**

### 10) **MOCIÓN PLENARIA RELATIVA Á DIRECTIVA EUROPEA QUE REGULA O TEMPO DE TRABAJO.-**

Sométese a consideración a seguinte moción ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

- Rexeitar a proposta de modificación da Directiva sobre Tempo de Traxallo realizada, o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de Traxallo da Unión Europea



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria a modificación desta Directiva

Sometido a votación a moción a mesma **é aprobada por unanimidade.**

### **11) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA AO DESENROLO DAS FESTAS PATRONAIS NO CONCELLO DE FOZ.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular ditaminada favorablemente pola comisión informativa coa parte resolutoria di:

- Regular de xeito eficaz e efectivo o tráfico rodado para os meses de xullo e agosto.
- Evitar por todos os medios que a celebración das festas patronais sexan causa de atascos e cortes de circulación.
- Non diminuír o número de prazas de aparcamento por unha mala distribución do espazo existente.
- Distribuír todos os postos e negocios das de xeito que non sexan un perigo para a circulación de peóns e vehículos
- En definitiva, conseguir unhas magníficas e vistosas celebracións patronais que non vexan empañadas por ningún motivo facilmente evitable cunha boa ordenación do grande espazo existente. E cunha previsión da regulación do tráfico máis eficaz.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SR. CANCIO RODRÍGUEZ: A moción que presenta é ambigua non di que se debe de facer. As comisións de festas intentan facer o mellor posible. Os cortes de tráfico fanse por seguridade e intentando xerar as menores molestias.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Os termos da moción son claros e concisos.

Sometida a moción a votación a mesma **obtéñ seis votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e seis votos en contra. (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) Producíndose empate sométese de novo a moción a votación na que se obtén o mesmo resultado. A continuación o Alcalde-Presidente co seu voto de calidade decide a rexeitación da moción.**

### **12) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á URBANIZACIÓN DA AVENIDA DO VICEDO.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular ditaminada favorablemnte pola comisión informativa coia parte resolutoria di:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Que o Concello de Foz poña os medios que considere oportunos, por exemplo instando á Excelentísima Deputación de Lugo, para arranxar esta situación coa maior brevidade posible, dándolle ó a solución que demanda a maioría dos usuarios, que é rematar a urbanización da Avenida do Vicedo, facendo beirarrúas, instalando alumeadado público.

O SEÑOR ALCALDE: A primeira fase da obra fíxoa o Concello xunto con Deputación; a segunda realizaraa n en solitario. Xa está negociado directamente co Presidente.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Se está negociado parécenos ben, iso se, nas obras aprobadas recentemente non vén recollida.

Sometida a moción a votación a mesma **obtéñ seis votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e seis votos en contra. (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) Producíndose empate sométese de novo a moción a votación na que se obtén o mesmo resultado. A continuación o Alcalde-Presidente co seu voto de calidade decide a rexeitación da moción.**

### **13) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REFERIDA Á CONSIDERACIÓN FISCAL DON BENS DESTINADOS Á PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME ESPECIAL.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG ditaminada favorablemente pola comisión informativa cuia parte resolutoria di:

- Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandarlle:
  - Compensar economicamente aos concellos galegos que, debido á aplicación do RD 1464/2007, vexan reducida a recaudación do IBI debido á minoración na valoración dos seus Bens Inmóbeis de Características Especiais, habilitando a tal efecto as partidas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado para os vindeiros anos.
  - Modificar o RD 1464/2007 de xeito que se inclúa o contido da sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007 sobre a consideración fiscal dos bens destinados á produción de enerxía eléctrica en réxime especial, como son os parques eólicos.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: A intención desta moción é que se compensen as perdas que van sufrir os Concellos pola mingua na súa recadación como consecuencia das modificacións na normativa que regula a xestión catastral en relación cos bens de características especiais.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### 14) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REFERIDA Á LIMPEZA DE ESTRADAS EN CORDIDO.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG ditaminada favorablemente cuia parte resolutoria di:

- Que o Concello realice o desbroce das estradas e cunetas de Cordido, e pro extensión de todas as demais parroquias, unha vez ó ano como mínimo, e que dende o Concello recollanse todas as necesidades das asociacións vecinais atendéndose a demandas en situacións excepcionais.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: En concreto o que solicitabamos é que en determinadas zonas se faga dúas veces ao ano e ademais se atendan as peticións das asociacións de veciños.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### 15) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO USO DO GALEGO NA RADIO MUNICIPAL.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG ditaminada favorablemente cuia parte resolutoria di:

- Que a Radio Municipal utilice preferentemente o idioma galego nas cuñas publicitarias que grava e emite.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### ROGOS E PREGUNTAS.-

a. ROGOS

PP

- 1) Que se coloquen vallas na estrada de Foz a Ferreira na zona de Ferreiravella.
- 2) Que se pinten os pasos de peóns en Trapero Pardo na zona próxima á Rapadoira, á saída do paseo marítimo.
- 3) Que se limpe a estrada de Vilaxoane a San Martiño.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

BNG

- 1) Que se amplíe o prazo para realizar alegacións á EDAR de Forxán ou, no seu caso, que se solicite á Xunta a súa ampliación.
- 2) Que se proceda á repartición do diñeiro consignado para as festas populares.
- 3) Que se coloquen máis papeleiras na zona da Rapadoira.

b. PREGUNTAS

PP

- 1) En Pleno Municipal adoptouse un acordo para arranxar a Rondalla Latexos e para instalar un aparcamento. ¿Que actuacións se realizaron?.

O SEÑOR ALCALDE: Xa se limpou, o aparcamento estará listo para o inverno.

BNG

- 2) ¿En que situación atópanse as actuacións para axeitar a masa común de O Caritel que a día de hoxe está nun estado lamentable?.

O SEÑOR ALCALDE: Imos realizar as actuacións para deixala ben, iso sí, a auga ímola canalizar por onde estaba.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantase a sesión sendo as 22:23 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta do que eu o Secretario dou fe.-

O Alcalde-Presidente,

O Secretario

Asdo. José María García Rivera.

Asdo. Diego Ballina Díaz